

Descubrimos canta enerxía gastamos na casa

A enerxía que utilizas na casa non é gratis. Pagamos por ela.

Hai que pagala porque custa moito diñeiro producila e levala ás casas. As industrias que a producen e a distribúen teñen numerosos traballadores que deben cobrar polo seu traballo e deben obter beneficios para continuar coa súa actividade.

Por iso, cada mes, as empresas que nos subministran gas e electricidade enviánnos un recibo no que nos explican canta enerxía consumimos e canto imos ter que pagar por ela.

Un caso práctico

- 1 Fíxate no debuxo. Trátase do cuarto dun neno ou dunha nena coma ti. Nela figura canto diñeiro do recibo da electricidade lle corresponde ao gasto que supón ter acendidos algúns aparatos certo número de horas ao día.
- 2 Terás que calcular canto aforraría este neno ou esta nena se acendese o ordenador só unha hora ao día en lugar de tres.
- 3 Cres que gastas máis ou menos electricidade que esta persoa? Que podes facer para gastares menos electricidade na casa e axudarlle á túa familia a que aforre diñeiro?

